

# 11 DE OUTUBRO, DÍA INTERNACIONAL DA NENA.



Na Resolución 66/170, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas, no ano 2011, **declara o 11 de outubro como Día Internacional da Nena**, coa finalidade de abordar a defensa dos **dereitos da nenas**.

O 11 de outubro conmemórase cada ano o Día Internacional da Nena para:

- ✓ Concienciar sobre a situación das nenas no mundo.
- ✓ Recoñecer os seus dereitos e os desafíos aos que se enfrontan.
- ✓ Promover o empoderamento das nenas e o cumprimento dos seus dereitos humanos.

Se as nenas contan cos recursos adecuados, oportunidades e un entorno propicio, nos próximos anos converteranse na maior xeración de mulleres líderes, emprendedoras e creadoras de cambio que o mundo teña visto.

No mundo actual, durante a infancia e a adolescencia, as nenas continúan a sufrir desvantaxes en moitos ámbitos, como a saúde, a educación, a participación política e as oportunidades económicas, enfrontándose día a día a graves ameazas para o seu benestar e os seus dereitos.



## Establecemento e presente do Día Internacional da Nena.




- En 1995, na **Conferencia Mundial sobre a Muller en Beijing**, os países adoptaron por unanimidade a **Declaración e Plataforma de Acción de Beijing**; o plan máis progresista realizado para promover os dereitos das mulleres e das nenas. Na Declaración de Beijing é a primeira vez que a ONU falar especificamente dos dereitos das nenas.
- O 19 de decembro de 2011, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas adoptou a **Resolución 66/170** para:
  - Declarar o 11 de outubro como Día Internacional da Nena.
  - Recoñecer os dereitos das mesmas e os desafíos únicos aos cales se enfrontan en todo o mundo.
  - Promover o seu empoderamento e o cumprimento dos seus dereitos humanos.
- As adolescentes teñen dereito a unha vida segura, saudable e con educación durante os anos de formación e educación. Se reciben apoio efectivo e se defenden os seus dereitos, as nenas teñen o potencial de cambiar o mundo na actualidade e no futuro como mulleres; garantindo un mundo máis equitativo e próspero.

En moitos países, cando se acadan a protección dos seus dereitos, as nenas están a rachar cos límites e as barreiras impostos polos estereotipos de xénero e a exclusión. Como emprendedoras, innovadoras e iniciadoras de movementos globais, as nenas están a crear un mundo que é relevante para elas y para as futuras xeracións de mulleres.

A **Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible** e os seus **17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)** teñen como parte integral:

- Acadar a igualdade de xénero.
- Lograr o empoderamento da nena e da muller.
- Garantir os dereitos das nenas e mulleres.





# Traballando polos dereitos das nenas. UNICEF



## ERRADICAR O MATRIMONIO INFANTIL

O matrimonio infantil priva as nenas da súa infancia e limita as súas opcións de vida. UNICEF traballa cos gobernos, as familias e as comunidades para previr e erradicar esta práctica. Busca cambios legislativos e involucrar a nais e pais para xerar cambios e investir no desenvolvemento das adolescentes.

## IMPULSO DO ENSINO SECUNDARIO DAS NENAS

Investir en educación secundaria xera profundos beneficios ás nenas e ás sociedades. En moitas ocasións as nenas abandonan a escola ao chegar á puberdade. UNICEF está a promover o ensino secundario entre as adolescentes, reforzando os ámbitos da ciencia, a tecnoloxía, a enxeñería e as matemáticas.



## SAÚDE E HIXIENE MENSTRUAL

Ter unha nutrición adecuada é fundamental na adolescencia; por iso UNICEF pon especial atención en garantir que as adolescentes reciben unha boa alimentación. Procura servizos de saúde especializados, como a atención ao embarazo adolescente, prevención e tratamento do VIH/SIDA ou vacinación contra o virus do papiloma humano.

## PREVIR A VIOLENCIA

Durante as situacións de conflito, desprazamentos ou desastres naturais intensifícase a violencia cara ás mulleres e nenas. Ante estas emerxencias UNICEF presta servizos ás superviventes de violencia sexual, distribúe kits de dignidade, instala espazos seguros e planifica a seguridade xunto ás comunidades, entre outras moitas accións.





# 11 DE OUTUBRO, DÍA DA NENA: MEDIDAS PARA PROTEXER ÁS NENAS





